



ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL SESIÓN ORDINARIA DO 1 DE DECEMBRO DE 2016

ASISTENTES:

Alcalde- Presidente:

D. José Luis Oujo Pouso.

Concelleiros:

D^a. María José Maneiro Quintáns.

D. José Manuel Deán Pouso.

D^a. M^a Magdalena Pérez Millares.

D. Antonio Romero Ribeiro.

Secretario:

D. José Manuel González García.

Na Alcaldía- Presidencia da **Casa do Concello** de Porto do Son, sendo as **13:45 horas** do día **1 de decembro de 2016**, reúnese a Xunta de Goberno Local en **sesión ordinaria**, baixo a presidencia do Alcalde-Presidente, D. José Luis Oujo Pouso, coa asistencia dos Sres. concelleiros que se relacionan á marxe.

A Xunta de Goberno Local está asistida polo secretario da Corporación, D. José Manuel González García, que dá fe do acto.

Unha vez comprobada polo secretario a válida constitución da Xunta de Goberno Local, posto que asisten a maioría absoluta dos seus integrantes, o Sr. Alcalde- Presidente abre a sesión.

De seguido, a Xunta de Goberno Local procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**, e que se relacionan a continuación:

1.- APROBACIÓN DE ACTAS.

1.1- Acta do 17/11/2016.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS E DE ACTIVIDADE.

2.1.- Licenza de obra. Expediente 219/2016

2.2.- Licenza de obra. Expediente 75/2016

2.3.- Inicio de procedemento para declaración de caducidade da licenza de obra. Expediente 142/2015.

3.- REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.

3.1- Execución subsidiaria de expediente de reposición da legalidade urbanística.

4 SERVICIOS.

4.1.- Transmisión de licenza de taxi. Licenza nº 21

5.- ASISTENCIA PERMANENTE AO ALCALDE NO EXERCICIO DAS SÚAS ATRIBUCIÓN.



1. APROBACIÓN DE ACTAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **APROBA** a acta correspondente a sesión ordinaria do 17 de novembro de 2016.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS E DE ACTIVIDADE.

A Xunta de Goberno Local, órgano competente para a adopción deste acordo de conformidade coa delegación de competencias efectuada mediante o decreto núm. 406/2015, do 18 de xuño, imponse ás **licenzas e ás comunicacións previas urbanísticas**, as seguintes **condicións xerais**, de obrigado cumprimento:

1/ As licenzas outórgase **sen prexuízo de terceiros**, deixando a **salvo o dereito de propiedade** e doutras autorizacións administrativas, sen que se poida invocar a licenza para excluír ou dirimir a responsabilidade civil ou penal na que incorreran os beneficiarios no exercicio das súas actividades.

2/ No caso de ser imprescindible a **ocupación da vía pública**, debe obterse a preceptiva licenza municipal de ocupación de vía pública e, unha vez rematada a obra, deberán repoñerse os desperfectos que se causaran á vía.

3/ Faise advertencia expresa que na execución das obras deberán adoptarse as **medidas que en materia de seguridade e saúde no traballo** veñan esixidas pola normativa na materia en vigor, especialmente no Real Decreto 1627/1997, de 14 de marzo.

4/ **Finalizadas as obras** debe comunicarse ao concello esta circunstancia a fin de efectuar as comprobacións pertinentes, así como a **liquidación definitiva de tributos** e outorgamento das licenzas que procedan.

5/ **Prazo de execución**: a obra debe iniciarse no prazo máximo de 6 meses dende a notificación do outorgamento da licenza e deberá estar rematada no prazo máximo de 3 anos, a contar dende esa mesma data, non sendo posible interromper as obras por tempo superior a 6 meses.

6/ As obras deben realizarse coas debidas condicións de **seguridade e solidez**.

7/ En caso de perda de vixencia das **autorizacións sectoriais pertinentes** deberán renovarse non sendo posible a continuación das obras sen cumprir este trámite.

8/ Nas obras que se **executasen con inobservancia das condicións da licenza ou comunicación** serán sancionadas por **infracción urbanística** as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, así como os técnicos redactores do proxecto e directores das obras. Neste sentido, todo técnico, polo só feito de asinar unha solicitude de licenza de obra, declara coñecer as condicións que se esixen e a normativa urbanística aplicable ao Concello de Porto do Son, aceptando as responsabilidades que se deriven da súa aplicación. Os arquitectos directores das obras son responsables mancomunadamente cos propietarios, das infraccións das normas urbanísticas sempre que ao advertir calquera circunstancia pola que se aparten das condicións en que se concedan as licenzas, non o comuniquen por escrito ao Concello.

9/ Será requisito indispensable en tódalas obras dispor ao pé da obra de **copia da licenza ou comunicación previa**, e **nas obras maiores do cartel indicador** no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.



10/ De ser oportuno, recórdase ao solicitante que antes do comezo das obras deberá solicitar ao Concello a **acta de comprobación de aliñacións**.

11/ No caso de obra maior, finalizadas as obras deberá solicitar a oportuna **licenza de primeira ocupación**, de conformidade co sinalado na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

12/ Debe darse cumprimento ao Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a **produción e xestión dos residuos de construción e demolición**. O artigo 4, relativo ás Obrigas do produtor de residuos de construción e demolición, apartado c, sinala: "*dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos na súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado, nos termos recollidos neste Real Decreto, e, en particular, no estudo de xestión de residuos na obra o nas súas modificacións. A documentación correspondente a cada ano natural deberá manterse durante os cinco anos seguintes.*"

13/ Debe respectarse o establecido no artigo 91 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, isto é, as construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, polo que:

- A tipoloxía das construcións e os materiais e cores empregados deberán favorecer a integración no entorno inmediato e na paisaxe.
- As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

2.1) LICENCIA DE OBRA MAIOR. EXPEDIENTE 219/2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

"Visto que D^a Gloria Lucia Pérez Rego solicitou en data 12/09/2016 (r.e. 6028) licenza municipal para "**parcelación**" da finca situada no lugar de Agra, s/n- Xuño, coa referencia catastral 8005428MH9280N0001XF, segundo o proxecto redactado polo arquitecto técnico D. Andrés Fernández Fuentes, de setembro de 2016.

Vista a documentación que obra no expediente administrativo nº **219/2016** e, en particular, o informe dos servizos técnicos municipais de data 04/11/2016 e o informe de Secretaría de data 07/11/2016.

Visto que en data 30/11/2016 se formalizou a cesión dos terreos da parcela situados fóra das aliñacións establecidas polo Plan Xeral.

Considerando o establecido no art. 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia sobre o procedemento de outorgamento das licenzas urbanísticas.

ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a D^a. **Gloria Lucia Pérez Rego** a licenza municipal solicitada para "**parcelación**" da finca situada no lugar de Agra, s/n- Xuño, coa referencia catastral 8005428MH9280N0001XF, segundo o proxecto redactado polo arquitecto técnico D. Andrés Fernández Fuentes, de setembro de 2016, condicionada en todo momento ao cumprimento das prescricións xerais das normas urbanísticas de aplicación e ás condicións que se detallan a continuación:

Clasificación urbanística do solo:



Segundo o plano nº Serie O-3, folia 34- G do PXOM, a parcela na que se proxecta a edificación está clasificada como **Solo de núcleo rural de tipo básico común de grao 2.**

A disposición transitoria primeira da LSG, que regula o réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado. O apartado 1 refírese a planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002 (salvo mellor criterio no presente informe aplícase este apartado 1). No punto c) establece que *Ao solo de núcleo rural e ás súas áreas de expansión, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei.*

Condições urbanísticas das parcelas:

Finca matriz:

Parámetro	PXOM	PROXECTO
Parcela mínima	600m ²	Superficie bruta: 2.528,00 m2
Aliñacións	As grafitadas nos planos escala 1:2000 4m dende o eixe do viario	< 3m dende o eixe do viario
Fronte mínima	9m	98,00m

Fincas resultantes:

Parcela resultante 1:

Parámetro	PXOM	PROXECTO
Parcela mínima	600m ²	Superficie neta: 1.204,00 m2
Aliñacións	As grafitadas nos planos escala 1:2000 3m dende o eixe do viario	Segundo aliñacións. 3m dende o eixe do viario
Fronte mínima	9m	65,00m

Parcela resultante 2:

Parámetro	PXOM	PROXECTO
Parcela mínima	600m ²	Superficie neta: 1.218,00 m2
Aliñacións	As grafitadas nos planos escala 1:2000 3m dende o eixe do viario	Segundo aliñacións. 3m dende o eixe do viario
Fronte mínima	9m	33,00m

Cesión a viario:

Segundo os planos nº05 e 06 do proxecto. **SUPERFICIE DE CESIÓN: 106,00 m2**

Conclusión:

Por todo o anteriormente exposto, na opinión da técnico que suscribe, infórmase favorablemente dende o punto de vista técnico o proxecto de parcelación presentado, en base ao indicado coas seguintes **condicións particulares:**



- A parcelación axustarase ao estudo de segregación presentado, asinado por D. Andrés Fernández Fuentes en data setembro 2016.
- Deberán cederse os terreos fóra de aliñacións que se indican no estudo tal como dispón o artigo 150 da LGS.

SEGUNDO.- Ordenar ao solicitante o íntegro cumprimento das **cláusulas xerais** de aplicación a todas as licenzas de obra.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, relativa ao expediente arriba referenciado, que a continuación se indica:

Taxa de tramitación		PENDENTE PAGO
Taxa pagada	303,36 €	0,00 euros
Taxa definitiva	303,36 €	
Liquidación	0,00 €	

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables.

2.2) LICENCIA DE OBRA MAIOR. EXPEDIENTE 75/2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que D. Roberto Antonio Cierzo Castaño solicitou en data 20/04/2016 (r.e. 2329) licenza municipal para **“legalización de estrutura existente, demolición parcial de cuberta e acondicionamento para vivenda unifamiliar”** da edificación situada no lugar de A Telleira – Miñortos, coa referencia catastral 15072A001031840000PX, segundo o proxecto de rehabilitación redactado polo arquitecta D^a. Rosa María Facal Varela, (visado COAG nº 1602042.8, do 17/102016).

Vista a documentación que obra no expediente administrativo nº **75/2016** e, en particular, o informe dos servizos técnicos municipais de data 25/11/2016 e o informe de Secretaría de data 28/11/2016.

Considerando o establecido no art. 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia sobre o procedemento de outorgamento das licenzas urbanísticas.

ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a **D. Roberto Antonio Cierzo Castaño** a licenza municipal solicitada para **“legalización de estrutura existente, demolición parcial de cuberta e acondicionamento para vivenda unifamiliar”** da edificación situada no lugar de A Telleira – Miñortos, coa referencia catastral 15072A001031840000PX, segundo o proxecto de rehabilitación redactado polo arquitecta D^a. Rosa María Facal Varela, (visado COAG nº 1602042.8, do 17/102016), condicionada en todo momento ao cumprimento das prescricións xerais das normas urbanísticas de aplicación e ás condicións que se detallan a continuación:



Condicións Particulares:

PARÁMETRO	PXOM	PROXECTO
Fronte de parcela	9m	37,53m
Superficie de parcela	600m ²	1.462,00m ²
Edificabilidade	0,35m ² /m ²	0,30m ² /m ²
Ocupación	40%	11,7%
Liña de edificación	≥ 4m dende aliñación	7,46m
Aliñación	s/plano	s/plano
Recuado a lindeiros	3m	3,00m
Altura máxima sobre rasante	7m	6,98m
Altura máxima permitida	8m	7,79m
Altura máxima do cumio	3,60	3,15m
Pendente máxima da cuberta	35º	30º/24º/15º

- As obras axustaranse ao proxecto de legalización de estrutura existente, demolición parcial de cuberta e proxecto de execución de obras de acondicionamento para vivenda unifamiliar de data Marzo de 2016 con número de visado 1602042,1 en data 10.04.2016, asinado pola arquitecta Rosa Facal Varela, modificado pola documentación data Xullo 2016 visada co número 1602042,4 en data 22.07.2016, modificada pola documentación de visada co número 1602042,8 en data 17.10.2016. tendo en conta que a última documentación sempre substitúe e anula á anterior.
- O servizo de abastecemento de auga resólvese mediante conexión á rede municipal.
- O servizo de saneamento resólvese por medios individuais con cargo ao promotor, mediante fosa que deberá ser impermeable e estanca, debendo esixirse compromiso de conexión cando se implanten os servizos.
- No caso que durante a execución das obras prodúzanse danos na vía pública, esta repoñerase ao estado no que estaba antes do inicio das mesmas.
- En ningún caso se poderán levar a cabo movementos de terras que excedan dos imprescindibles para levar a cabo as obras recollidas no proxecto e as súas modificacións.
- As obras axustaranse a tódalas normativas técnicas, urbanísticas, de seguridade e medioambientais de aplicación.
- Con carácter previo ao inicio das obras deberá achegar ao Concello o proxecto de execución, estudio ou estudio básico de seguridade e saúde, e nomeamento de dirección de obra, dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde

SEGUNDO.- Ordenar ao solicitante o íntegro cumprimento das **cláusulas xerais** de aplicación a todas as licenzas de obra.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras e a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación, imputando o recoñecemento do



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, relativa ao expediente arriba referenciado, que a continuación se indica:

Base imponible ICIO: orzamento	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO	Taxa de tramitación		PENDENTE PAGO
			Taxa pagada		
104.506,77 euros	2%	2.090,13 euros	Taxa pagada	529,15 €	2.090,13 euros
			Taxa definitiva	529,15 €	
			Liquidación	00,00 €	

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables.

2.3) INICIO DE PROCEDIMIENTO PARA A DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DE LICENZA DE OBRA MAIOR. EXPEDIENTE 142/2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“A Xunta de Goberno Local, órgano competente para a resolución do expediente administrativo en virtude da delegación efectuada por resolución da Alcaldía- Presidencia núm. 406/2015, do 18 de xuño.

Visto o informe de data 23/11/2016 dos servizos técnicos municipais, emitido no procedemento de devolución de ICIO por non ter levado a cabo as obras autorizadas a D^a. Mónica Santamaría Abeijón por licenza da Xunta de Goberno Local do 01/10/2015 (expte. 142/2015), dando conta de que:

- a licenza foi concedida en data 1 de outubro de 2015 pola Xunta de Goberno Local.
- ao día da data a obra está sen iniciar polo que se incumpriu o prazo dun ano para o inicio das obras contado desde a notificación da licenza, practicada o día 23/10/2015.

Visto que na licenza outorgada se establecía un prazo para o inicio das obras de 1 ano e outro de tres anos para o seu remate, a contar ámbolos dous desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses, sen prexuízo do outorgamento de prórrogas.

Considerando que artigo 145.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), sinala que “no acto de outorgamento da licenza de edificación se determinarán os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción das mesmas. No seu defecto o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses”.

ACORDA:

PRIMEIRO.- Iniciar o procedemento para declarar a caducidade da licenza de obras outorgada para pola Xunta de Goberno Local o 01/10/2015 a D^a. Mónica Santamaría Abeijón para a reforma e ampliación de galpón existente para destinalo a vivenda unifamiliar e bar cafetería



SEGUNDO.- Outorgar aos interesados trámite de audiencia por un prazo de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación deste acordo, para que poida formular as alegacións e presentar os xustificantes que estime pertinentes ao seu dereito.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ao interesado co réxime de recursos aplicables."

3. REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.

3.1) EXECUCIÓN SUBSIDIARIA DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 18/02/2016 a Xunta de Goberno Local iniciou co un expediente para a restauración da legalidade urbanística por desenvolverse un uso non permitido ("*actividade gandeira*") na parcela con referencia catastral 0306107NH0300N0001TU, por tratarse dun uso non permitido nese ámbito, xa que á parcela lle resultaba aplicable a clasificación como solo de núcleo rural común", de conformidade co disposto nas Normas Subsidiarias do Planeamento e na Disposición Transitoria 1ª da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG).

O expediente dirixiuse contra D. Manuel Ben Serantes, na súa calidade de titular da actividade desenvolvida.

Segundo.- Durante a tramitación do procedemento, logo da aprobación e entrada en vigor do Plan Xeral de Ordenación Municipal, a parcela antes referida quedou clasificada como "solo urbano consolidado", séndolle de aplicación a Ordenanza 4. Grao 3, que non permitía o desenvolvemento de actividades gandeiras no que excedan dos meros currais domésticos ou instalacións complementarias compatibles co uso residencial.

Terceiro.- Instruído o procedemento, e á vista tanto das alegacións do interesado como dos informes emitidos pola Secretaría e os servizos técnicos municipais, a Xunta de Goberno Local, en data 24/10/2016, resolveu "*Ordenar, de conformidade co establecido polo art. 152.3 a) LSG, a D. Manuel Ben Serantes a cesación da actividade gandeira que desenvolve na parcela situada no lugar de Laxieles, 35 – Porto do Son, que ten a referencia catastral 0306107NH0300N0001TU, por tratarse dun uso non permitido nese ámbito, segundo dispón a Ordenanza 4 de solo urbano da Normativa do PXOM que lle resulta aplicable, e resultar, en consecuencia incompatible co ordenamento urbanístico*".

Así mesmo, outorgoulle ao interesado un prazo de 15 días, a contar desde a notificación do acordo, para repoñer a legalidade urbanística cesando no uso non permitido. En caso de incumprimento, advertíase expresamente ao obrigado de que o concello procedería á execución forzosa do ordenado, con arranxo ao disposto no art. 152.6 LSG, e sen prexuízo da imposición das sancións que procedesen.

O anterior acordo foille notificado ao interesado o 02/11/2016.



Terceiro.- A Policía Local informou o 28/11/2016 de que a explotación gandeira existente na parcela de Laxieles 35 – Noal continuaba a súa actividade e de que a nai do obrigado manifestara que non se retirarían os animais.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución do expediente, de conformidade coa delegación de competencias efectuada pola Alcaldía mediante o decreto núm. 406/2015, do 18 de xuño.

Segundo.- O art. 152.6 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) establece que, no caso de incumprirse a orde de cesación dos usos non permitidos *“a administración municipal procederá á execución subsidiaria da mesma ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables ata acadar a execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha”*.

No presente suposto, resulta acreditado o incumprimento da orde de cese da actividade non permitida polo informe da Policía Local.

Terceiro.- O art. 100.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC) sinala que, de ser varios os medios de execución admisibles, escollerase o menos restritivo da liberdade individual. Pola súa parte, o art. 102 da mesma lei habilita para acudir á execución subsidiaria cando se trate de actos que por non ser personalísimos poden ser realizados por suxeito distinto ao obrigado, sendo os custos de realización de tal acto de conta do obrigado e esixibles en vía de prema.

Considerando os prexuízos que o mantemento da actividade gandeira non permitida está a causar aos veciños do lugar de Laxieles, así como os riscos evidentes para a salubridade pública, inherentes á existencia dunha explotación pecuaria produtora de residuos nun ámbito urbano, estímase que o medio máis adecuado para facer cumprir o ordenado e menos restritivo da liberdade individual é a execución forzosa.

Visto canto antecede,

RESOLVE

PRIMEIRO.- Iniciar o procedemento para a execución subsidiaria da resolución da Xunta de Goberno Local de 24/10/2016, para cesación da actividade gandeira na parcela situada no lugar de Laxieles, 35 – Noal (referencia catastral 0306107NH0300N0001TU), da que se apercibe expresamente ao interesado.

SEGUNDO.- Procédase á valoración dos gastos que deriven dos traballos de execución subsidiaria, para os efectos da súa notificación a D. Manuel Ben Serantes.

TERCEIRO.- Notificar este acordo aos interesados indicándolle o réxime de recursos aplicable.”

4. SERVIZOS.

4.1) TRANSMISIÓN DE LICENZA DE TAXI. LICENZA Nº 21



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 11/07/2016 (r.e. nº 4708) D. Antonio Rodríguez Vázquez solicitou do Concello de Porto do Son autorización para transmitir a licenza de taxi nº 21 da que é titular a favor de D. Ventura Bretal Bazarra.

Segundo.- Mediante oficio do 27/07/2016 requiriuse a D. Antonio Rodríguez Vázquez a achega de documentación necesaria para continuar coa tramitación do expediente, cumprindo co requirimento o interesado o 05/08/2016.

Terceiro.- O 27/09/2016 (r.e. nº 6359) D^a. Eva María Bazarra Olveira, en representación de D. Ventura Bretal Bazarra solicita autorización para prestar o servizo de taxi co vehículo "Opel Meriva" con matrícula 7525 DJW, pois é diferente que o empregado por D. Antonio García Calo para prestar o servizo coa licenza de taxi nº 21.

A Alcaldía, mediante o decreto núm. 591/2016, do 3 de outubro, autorizou o cambio de vehículo solicitado para prestar o servizo de taxi, condicionado a que se autorizase a transmisión da licenza de taxi nº 21 a favor do interesado.

Cuarto.- Por oficio do 10/11/2016 (r.s. nº 4282) remitiuse ao Servizo de Mobilidade da Coruña copia dilixenciada do expediente de autorización de transmisión da licenza de taxi e solicitouse a emisión do informe preceptivo.

O organismo autónómico requiriu mediante oficio rexistrado de entrada o 16/02/2016 a achega polo eventual adquirente da licenza de documentación complementaria para xustificar o cumprimento do previsto na Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo en Galicia. En data 19/02/2016 remitiuse polo concello a documentación complementaria requirida, logo da súa presentación polo Sr. Vinagre Brión.

Quinto.- O 22/11/2016 recíbese no concello o informe de 17/11/2016 do Servizo de Mobilidade, favorable ao outorgamento da transmisión da autorización a favor de D. Ventura Barral Bazarra.

Faise constar no referido informe que a *"a transmisión da licenza de taxi estará condicionada, na súa eficacia, ao outorgamento da autorización interurbana de taxi ao novo titular; unha vez transmitida esta, a persoa interesada deberá solicitar á dirección xeral competente en materia de transportes da Xunta de Galicia a transmisión da licenza interurbana de taxi.*

(...)

Para tales efectos deberá achegar a seguinte documentación:

- *Impreso de solícitude.*
- *Xustificante de pago da taxa de transmisión de autorización.*
- *Permiso de circulación do vehículo, ficha técnica e ITV vixente; debendo este axustarse aos requirimentos técnicos esixidos pola normativa vixente, en especial no tocante á capacidade do maleteiro, que deberá contar cun mínimo de 45 litros de capacidade por cada unha das prazas de uso dos pasaxeiros que lle sexa autorizada.*
- *Alta no imposte de actividades económicas (IAE ou alta de declaración censal).*
- *Carné de conducir.*



- *Alta na Seguridade Social ou recibo de autónomos correspondente ao derradeiro mes.*
- *Follas/ Libro de reclamacións e taxa.*
- *Póliza de seguro (responsabilidade civil polos danos que se poidan ocasionar na prestación do servizo, segundo o disposto na normativa vixente -50.000.000 €) e recibo de pago.*
- *Autorización da transmisión da licenza municipal.*
- *Orixinal da autorización VT-N do transmitente."*

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Único.- O art. 17.1 da Lei 4/2013, do 30 de maio, establece que *"previa autorización das administracións competentes, os títulos habilitantes para a prestación de servizos de taxi serán transmisibles a calquera persoa física que o solicite e acredite que cumpre cos requisitos para ser titular destes segundo o establecido na presente lei. Dita transmisión non terá a consideración de outorgamento de novos títulos"*.

No apdo. 5 do referido art. 17 dispónse que *"a transmisión da licenza de taxi estará condicionada, na súa eficacia, ao outorgamento da autorización interurbana ao novo titular"*.

Visto canto antecede, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Autorizar a transmisión da licenza de taxi nº 21 do Concello de Porto do Son a favor de D. Ventura Bretal Bazarra.

A eficacia da transmisión queda condicionada ao outorgamento da autorización interurbana de taxi pola Dirección Xeral competente en materia de transportes, que se tramitará segundo o indicado no informe do Servizo de Mobilidade transcrito no antecedente 5º.

SEGUNDO.- Notificar este acordo aos interesados con expresión do réxime de recursos aplicable.

TERCEIRO.- Dar conta desta resolución ao Servizo de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Vivenda e á Dirección General de Tráfico, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

5. ASISTENCIA PERMANENTE AO ALCALDE NO EJERCICIO DAS SÚAS ATRIBUCIÓN.

A Xunta de Goberno Local, en uso da competencia conferida polos artigos 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 52, 53 e 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF) , segundo os cales lle correspóndelle á Xunta de Goberno Local como atribución propia e indelegable a asistencia ao Alcalde no exercicio das súas atribucións aparte das atribucións que o Alcalde ou outro órgano municipal lle poidan delegar; procede a prestar a asistencia ao Alcalde- Presidente no exercicio das súas atribucións, sendo informada neste momento de todas as decisións de goberno do Alcalde- Presidente dende a anterior Xunta de Goberno Local.



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Alcaldía- Presidencia, levántase a sesión, sendo as **14:15 horas**, do día **1 de decembro de 2016**, de todo o que se estende a presente acta da que eu, como secretario, dou fe.

O ALCALDE- PRESIDENTE,

Asdo. José Luis Oujo Pouso.



O SECRETARIO

Asdo. José Manuel González García

